

II PREMIOS MARÍA BARBEITO DE EDUCACIÓN EN GALICIA



A Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa) e a Consellería de Innovación e Industria (Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación) da Xunta de Galicia, convoca os **II Premios María Barbeito de Educación en Galicia** coa finalidade de recoñecer publicamente aquelas iniciativas, centros e investigacións psicopedagóxicas que polo seu valor e interese máis contribúan ao desenvolvemento educativo de Galicia, para favorecer así a innovación, a calidade educativa e a renovación pedagóxica.



PREMIO Á INVESTIGACIÓN PEDAGÓXICA

Recoñecemento daquel máis valioso informe orixinal de investigación pedagóxica referido ao coñecemento da educación en Galicia, e elaborado durante os dous últimos cursos académicos 2006-07 ou 2007-2008 (ata o 30 de xuño)

Dotación: Premio único: 3000 €.

PREMIO Á INNOVACIÓN E Á EXPERIENCIA PEDAGÓXICA

Recoñecemento á Memoria, que dea conta daquela experiencia pedagóxica realizada nun Centro educativo de nivel non universitario de Galicia e que se considere de máxima calidade global de actuación, versando os traballos preferentemente sobre:

- Organización escolar.
- Integración escolar e tratamento da diversidade.
- Normalización lingüística na educación.
- Innovación didáctica en áreas ou materias.
- A incorporación das novas tecnoloxías.
- Formación Profesional

Dotación: 1º Premio: 2000 €.

2º Premio: 1000 €.

BASES

- 1.- Os traballos presentados deberán ser orixinais e inéditos. Deberán estar redactados ou elaborados en lingua galega. Non poderán participar aqueles traballos que tiveran sido premiados con anterioridade.
- 2.- Os traballos presentaranse por triplicado, en DIN/a-4, mecanografados a dobre espazo, por unha soa cara, podendo acompañarse de toda a documentación complementaria escrita e gráfica que os concursantes consideren oportuna, non podendo ser dunha extensión inferior ás 150 páxinas no caso da modalidade de “Investigación Educativa”. Se cómpre irán acompañados doutro material complementario (disquete, CD-ROM, DVD, video, outros).
- 3.- Os traballos a concurso presentaranse no rexistro da Secretaría de Decanato da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago (Campus Sur) entre o 1 de marzo e o 30 de xuño do ano 2008. Irán debidamente identificados na solicitude de participación, que se dirixirá ao decano:
 - Nome da entidade, institución, autor/a ou autores/as concursantes.
 - Domicilio profesional e teléfono.
 - Título do traballo presentado.
 - Modalidade á que se concursa.

Na vez dos datos persoais de identificación poderá empregarse un pseudónimo, adxuntando en sobre cerrado tales datos persoais; sobre que será aberto polo Xurado respectivo caso de ser premiado un traballo así presentado.

- 4.- Compoñeranse dous xurados específicos formados en cada caso por cinco personalidades do ámbito educativo designadas conxuntamente pola Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, a Dirección Xeral de Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+I), A Reitoría da Universidade de Santiago e a propia Facultade de Ciencias da Educación. A súa composición será anunciada cunha antelación dun mes á data da concesión dos premios.
- 5.- A data pública do veredicto e o acto de libramento dos Premios terá lugar por medio dun acto público a celebrar en Compostela no mes de Outubro do ano 2008.
- 6.- No acto de designación de cada Xurado de selección, un dos seus membros será nominado presidente, elixíndose o secretario por parte dos demais membros que o constitúan. Cada Xurado axustará a súa actuación ao disposto nos artigos 22 e seguintes da lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e as súas actuacións serán coordinadas polo Decanato da Facultade de Ciencias da Educación.
- 7.- A presentación dos traballos supón a aceptación das bases da presente convocatoria.
 - Os premios poderán ser declarados desertos.
 - As decisións de cada Xurado serán inapelables.
 - Os premios están suxeitos a retención fiscal.
 - Os xurados resolverán as cuestións non previstas.
- 8.- A Administración Educativa poderalles recoñecer aos participantes avaliados positivamente as actividades de innovación e investigación realizadas dentro desta convocatoria, mediante expedición de certificado.
- 9.- As entidades convocantes comprométese a dar publicidade ás obras premiadas, podendo mesmo recomendar a publicación de algún dos traballos non premiados.
- 10.- Unha copia de todos os traballos presentados pasará a formar parte da Biblioteca e Centro de Documentación da Facultade de Ciencias da Educación, podendo ser alí consultados, se ben en todo momento os/as autores/as conservarán a propiedade intelectual ante a súa posible copia ou edición; en calquera caso, os traballos editados si levarán a indicación Premio María Barbeito de Educación en Galicia, renunciando os autores aos dereitos de autor da primeira edición.
- 11.- As entidades organizadoras adquiren un dereito preferencial de primeira edición. Se nun prazo dun ano desde a súa concesión non se formalizara a edición poden os/as autores/as emprender as iniciativas oportunas a este respecto.
- 12.- Os traballos presentados só poderán concursar a unha soa das modalidades a concurso.

Para máis información pódense dirixir á secretaria da Facultade, zedudeca@usc.es

“María Barbeito y Cerviño”

M^a. Barbeito, nacida na Coruña en 1880, comezou a súa actividade profesional na escola pública de párvulos da cidade como auxiliar interina no 1901, pasando de seguido á escola unitaria Da Guarda en 1902, da que foi nomeada directora en 1915, sendo xa un colexio graduado.

Comenzará entón un extraordinario labor pedagóxico. Montessori, Decroly, Dewey e o conxunto da Escola Activa fixéronse así radicalmente presentes. A súa acción escolar e educativa ía desde as Escolas Da Guarda, ata a Tribuna pública na Sociedade de Artesáns; desde a promoción das colonias, ata os escritos en defensa dos nenos e das nenas. Unha organizadora da nova educación, cunha excepcional capacidade didáctica.

Desde os anteriores puntos de vista, desenvolveu pois un intenso traballo pedagóxico e de renovación metodolóxica, particularmente apreciable na súa elaboración de procedementos metodolóxicos para a realización da lectura global.

